

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES EN FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL O DEL DESARROLLO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO E ÁS SÚAS FAMILIAS, E DO MANTEMENTO DE FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA E DAS SÚAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2022

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

FADEMGA Plena Inclusión Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2005/000147-2ª, sendo a súa finalidade a de defender os intereses en Galicia das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e das súas familias, así como fomentar a constitución de asociacións. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-045.

FADEMGA Plena Inclusión Galicia ten como obxectivos, segundo os seus estatutos:

- a) Fomentar a constitución de asociacións en todos aqueles lugares onde non se cubra a atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- b) Coordinar os obxectivos, actividades, recursos e posibilidades dos seus asociados na protección das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, unificar criterios de acción e fomentar todo tipo de esforzos e actividades conxuntas.
- c) Representar aos seus membros ante as entidades públicas e privadas e demais organismos que se relacionan directa ou indirectamente coa problemática das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e, en particular, coa Confederación Plena Inclusión España.
- d) Facilitar canta información xeral ou especializada sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento estea o seu alcance, fomentando estudos sobre o tema e obtendo a colaboración das Universidades galegas.
- e) Realizar campañas de divulgación e mentalización ante a sociedade.
- f) Velar polo bo nome e prestixio asociativo, denunciando publicamente aqueles casos que non cumpran na promoción das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- g) Informar, aconsellar ou xestionar, todas aquelas cuestións que lle sometan ás asociacións interesadas.





h) Calquera outro tipo de actividades relacionadas coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, dada a súa importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a entidade FADEMGGA Plena Inclusión Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento do mantemento de FADEMGGA Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas, así como das actuacións que conforman os programas que ten previsto desenvolver a entidade a prol do colectivo das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias, na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2022, e que se dividen en tres áreas:

a) Área de atención ás entidades: apoio, fortalecemento e promoción do movemento asociativo.

1. Representación, coordinación, información e asesoramento e xestión de infraestruturas.
2. Xestión da Comunicación. Elaboración de comunicados e notas de prensa, xestión páxina web e redes sociais, elaboración de campañas de imaxe, deseño, maquetación e adaptación a lectura fácil de diferentes contidos informativos, xestión de reportaxes e entrevistas.
3. Sistema de xestión da calidade. Búscase implementar melloras na Federación que repercutan na prestación de servizos e programas de calidade para as entidades, familias, persoas con discapacidade, profesionais e voluntariado. Neste ano 2022 propoñéanse varios retos que orixinen melloras na organización (implantación modelo COMPLIANCE, plan de Igualdade, integración dos obxectivos de desenvolvemento sostible na estratexia e ampliación do alcance do sistema de xestión de calidade federativo). Promóvense entre as entidades federadas modelos de xestión entre eles o de "calidade Plena" que orienten a planificación da xestión de recursos humanos. Apoio na implantación de sistemas de xestión como a ISO 9001:2015, o cumprimento de protección de datos tanto na federación como nas entidades federadas, a través da realización auditorías internas entre e con asociacións federadas.
4. Xestión da Formación. Programación de accións formativas para dar resposta ás necesidades formativas dos diferentes colectivos que integran as entidades, co fin de facilitar e potenciar, así como manter e desenvolver a cualificación de persoal directivo, profesionais e voluntariado, xa que isto reverterá nunha mellora da xestión e polo tanto, promoverá a excelencia na prestación dos apoios as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias. Tamén se promoverán e xestionarán accións de





formación para Persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e familias en coordinación coas áreas correspondentes.

5. Promoción do Voluntariado. Promoción da labor do voluntariado con persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, e formación ao voluntariado para que poida exercer a súa acción voluntaria con máis garantías .

b) Área de atención ás familias.

1. Programa de apoio familiar e persoal. Actuacións con familias que contribúan a cubrir as súas necesidades e a promover a súa dinamización e participación , através de grupos estables de familiares que se reúnen periodicamente para compartir as súas inquietudes e experiencias, e que contan cun profesional que dinamiza as reunións.

2. Programa de respiro familiar. O obxectivo fundamental é proporcionar ás familias de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento un descanso da atención continua ás mesmas. Durante o presente ano organizaranse estancias programadas nas que participarán unha media de 9 usuarios por estancia.

c) Área de atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

1. Programa de saúde mental e envellecemento activo. Este programa busca mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, con alteracións da saúde mental e/ou en proceso de envellecemento, e promover a implantación de apoios nas contornas de convivencia destas persoas.

2. Programa acceso á xustiza, este programa céntrase na protección das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento como vítimas do delito, en particular cando se trata de mulleres, a través de dous tipos de actividades diferenciados e aliñados co artigo 13 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade; así como mellorar o acceso a xustiza das mesmas. Por unha banda, a sensibilización da poboación con especial incidencia en operadores xurídicos e policiais e, por outro lado, a difusión de un catálogo de axustes do procedemento que permitan poñer en valor as boas prácticas no ámbito da xustiza.

3. Programa collendo impulso cara a inclusión social, con este programa póñense en marcha accións de apoio e orientación a persoas con discapacidade intelectual en situación ou risco de exclusión social ou en situacións de especial vulnerabilidade que permitan mellorar a súa calidade de vida e defender os seus dereitos. Trátase de proporcionar alternativas para a súa participación social (espazos de encontro, saídas á comunidade) e promoción da autonomía persoal, ao igual que contribuír a que poidan desenvolver os seus proxectos de vida.

4. Programa rede para a educación inclusiva, este programa pretende promover unha educación inclusiva a través da xeración de prototipos de prácticas transformadoras desenvolvidas en alianza entre colexios de educación especial e colexios ordinarios . Actualmente na Comunidade Autónoma de Galicia vaise desenrolar o novo pilotaxe de transformación a través do deseño universal de aprendizaxe no que participarán 2 centros de educación especial federados e tres centros ordinarios. Esta metodoloxía aborda a promoción da aprendizaxe a través de currículos flexibles, tendo sempre como marco o principio de diversidade do alumnado de xeito que xeremos obxectivos, métodos, materiais e avaliacións adaptados á diversidade dos alumnos e alumnas.



5. Programa de vida independente e asistencia persoal, a meta deste programa é poñer en valor a figura do asistente persoal, que é unha ferramenta esencial para o logro do obxectivo de promover o dereito á vida independente, e o empoderamento das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, e tamén daquelas persoas con grandes necesidades de apoio.

6. Programa solucións innovadoras, co que se pretende reducir o uso de medidas restritivas nas contornas altamente institucionalizadas, co desenvolvemento do Plan redución de restricións, na que se porá a disposición das organizacións unha ferramenta para a análise da situación, de cara á posterior elaboración e implementación do citado plan para a redución das prácticas restritivas.

6. Programa de apoio a mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. Este programa propón mobilizar recursos e accións que permitan mellorar, de forma significativa, a atención e os apoios que, dende o movemento asociativo Plena Inclusión e fóra del, se lle prestan ás mulleres con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento. O programa diríxese tanto ás mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, como a súa contorna, compañeiros/as, familiares e profesionais de referencia. O obxectivo xeral deste programa é fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes con discapacidade intelectual e/ou do desenvolvemento, así como apoiar a aquelas mulleres que se encontren en situacións de risco ou exclusión social.

8 Programa de cidadanía activa e accesibilidade cognitiva, co obxectivo principal que as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, logren a cidadanía plena, considerando como unha das prioridades a accesibilidade cognitiva do seu entorno.

Abrangue 7 áreas de traballo:

Área I: Actividades relacionadas coa defensa e a protección de dereitos.

Área II: Actividades para a capacitación en Autodeterminación.

Área III: Fortalecemento da autoxestión nas persoas con discapacidade intelectual e/ou desenvolvemento (grupos de autoxestores)

Área IV: Actividades de apoio ao voto e a participación pública.

Área V: Actividades para a promoción da vida independente.

Área VI: Actividades de mellora da accesibilidade cognitiva

Área VII: Actividades de apoio ao programa.

9. Programa de atención integral á persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento reclusas, ex reclusas e que cumpren medidas alternativas. Este programa vai dirixido a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que se atopan baixo o réxime penal penitenciario, en situación reclusa, cumprindo ou ben a espera de cumprir diferentes medidas así como para persoas en situación de exclusión. Tamén se dirixe a persoas que manifestan condutas antisociais ou en situación de risco social para prestar apoios e formación de cara a fomentar a prevención. O obxectivo xeral deste programa é mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento reclusas, ex. reclusas, sometidas a medidas alternativas ou ben que se atopan en procedementos xudiciais favorecendo os seus procesos de rehabilitación, reinserción e inclusión social.





10. Programa de vacacións IMSERSO Plena inclusión, dirixido a persoas con discapacidade intelectual maiores de 16 anos e cun grao de discapacidade superior ao 33%, independentemente de ser socio ou non dunha entidade. O obxectivo principal do Programa é facilitar a vida independente e facilitar a máxima integración persoal e social das persoas con discapacidade, mediante a realización de quendas de vacacións nas condicións de maior accesibilidade, facilitando o acceso das persoas aos bens de ocio, da cultura e da natureza, así como o descanso das familias que teñen ao seu cargo persoas con discapacidade. O programa consiste no deseño e organización de estancias de vacacións para grupos reducidos (incluíndo participantes, persoal de apoio e coordinación). As persoas beneficiarias elixen os destinos, planifican horarios, actividades, e visitas que queren facer en cada estancia.

Para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará dous millóns catrocentos sesenta e oito mil oitocentos catorce euros (2.468.814,00€), que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.22

Na cláusula sétima do convenio prevese un anticipo de pagamento do 80% do importe da subvención, coa finalidade de que a entidade beneficiaria dispoña desde o inicio do exercicio económico da liquidez suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da execución deste convenio. Isto ben motivado porque ao tratarse de entidades sen ánimo de lucro, unha parte importante do seu financiamento procede das Administracións Públicas, e non contan coa liquidez suficiente ao inicio do exercicio para o desenvolvemento dos programas e actuacións que desenvolven para a atención ás persoas con discapacidade, o que implica ter que acudir a liñas de crédito con entidades bancarias en tanto non perciben o pagamento da subvención concedida, co sobrecusto que iso implica. Así mesmo, conforme aos antecedentes neste centro directivo, as subvencións concedidas en exercicios anteriores a esta entidade están sendo correctamente xustificadas en tempo e forma.

En consecuencia, e dado que ditas condicións de pagamento exceden dos límites previstos no artigo 63.1. un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e conforme ao previsto no artigo 63.3 da dita norma para a tramitación deste expediente de gasto será preciso autorización do Consello da Xunta.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, concretamente no seu artigo 20, onde se describen as competencias da dita Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
Fernando González Abejón

